

ΣΥΝΘΗΣΙΣ ΜΑΘΗΜΑΤΟΣ



OBXECTIVOS DO CURSO

Os obxectivos do curso de Grego de 2º Bacharelato poden encadrarse en tres bloques de coñecemento básicos:

1. Bloque lingüístico: Daremos un paso máis respecto ó curso anterior, posto que agora aprenderemos a traducir textos gregos escritos na Antigüidade, prestando atención basicamente a dous deles: o historiador Xenofonte e o mitógrafo Apolodoro.

2. Bloque literario: Analizaremos os trazos de varios xéneros literarios gregos: a Poesía Épica, a Poesía Lírica e, dentro do Teatro, a Traxedia e a Comedia. Ademais, e para comprender mellor este apartado, realizaremos unha lectura obrigada por cada un dos xéneros tratados.

3. Bloque de influencia da lingua grega: Achegarémonos á realidade do idioma grego moderno para aprendermos a súa pronuncia e algunhas expresións cotiás. Por outra banda, veremos como a lingua grega contribuíu (e contribúe) á formación de novas palabras nos idiomas actuais.

CONTIDOS DO CURSO

Para lograr os obxectivos descritos no primeiro bloque, repasaremos o aprendido o Curso anterior, e iremos profundizando progresivamente noutras características da lingua grega, ó tempo que aprenderemos técnicas de tradución axeitadas para os textos que debemos traballar:

- Repaso do alfabeto.
- Repaso da flexión nominal (sistema de casos e declinacións para substantivos e adxectivos), a flexión pronominal e a flexión verbal (formas persoais e, especialmente, as non personais).
- Sintaxe da oración simple e composta.
- Características dos textos de Xenofonte e Apolodoro e técnicas de tradución.

En canto ó segundo aspecto do curso, estes serán os xéneros, autores e obras de lectura obrigadas:

- A Poesía Épica: Homero e a *Iliada* (Cantos I, VI, XVI e XXII).
- A Poesía Lírica e os seus subxéneros: lecturas de Arquíloco, Safo e Anacreonte.
- A Traxedia: Esquilo, Sófocles (coa lectura de *Edipo Rei*) e Eurípides.
- A Comedia: Aristófanes e *As assemblearias*.

O terceiro apartado do curso constará dos seguintes elementos:

- Pronuncia do grego moderno e expresións máis usuais na vida diaria.
- Helenismos: palabras actuais baseadas, en todo ou en parte, no grego clásico.

TEMPORALIZACIÓN

Os contidos anteriores distribuiranse ó longo de 12 Temas, a razón de 4 Temas por cada trimestre nos que se divide o curso, de acordo con este reparto:

1º trimestre	TEMA 1	Flexión nominal e pronominal: revisión. Textos iniciais: tradución (I)
	TEMA 2	Flexión verbal temática: revisión. Textos iniciais: tradución (II)
	TEMA 3	Formas nominais dos verbos: revisión e usos avanzados. Literatura grega: a Épica. Textos para traducir: Xenofonte (I). Helenismos (I)
	TEMA 4	Sintaxe da oración simple e composta: a coordinación. Lectura: a <i>Ilíada</i> . Textos para traducir: Xenofonte (II). O grego moderno (I)
2º trimestre	TEMA 5	Flexión verbal atemática: revisión. Literatura grega: a Traxedia. Textos para traducir: Apolodoro (I)
	TEMA 6	Sintaxe da oración composta: subordinación relativa. Lectura: <i>Edipo Rei</i> . Textos para traducir: Apolodoro (II). Helenismos (II)
	TEMA 7	Sintaxe da oración composta: subordinación substantiva. Textos para traducir: Xenofonte e Apolodoro (I). O grego moderno (II)
	TEMA 8	Sintaxe da oración composta: subordinación adverbial (I: temporais e comparativo-modais). Literatura grega: a Comedia. Textos para traducir: Xenofonte e Apolodoro (II)
3º trimestre	TEMA 9	Sintaxe da oración composta: subordinación adverbial (II: causais e consecutivas). Lectura: <i>As assemblearias</i> . Textos para traducir: Xenofonte e Apolodoro (III)
	TEMA 10	Sintaxe da oración composta: subordinación adverbial (III: condicionais e concesivas). Lectura: Arquíloco e Safo. Textos para traducir: Xenofonte e Apolodoro (IV)
	TEMA 11	Sintaxe da oración composta: subordinación adverbial (IV: finais). Lectura: Anacreonte. Textos para traducir: Xenofonte e Apolodoro (V). Helenismos (III)
	TEMA 12	Usos avanzados dos modos verbais. Textos para traducir: Xenofonte e Apolodoro (VI). Literatura grega: a súa influencia na posteridade. O grego moderno (III)

Por cuestións de operatividade, non seguiremos neste libro un esquema baseado estritamente nos Temas no que se refire ó traballo sobre os textos, xa que neles os conceptos sintácticos non aparecen de maneira progresiva. Polo tanto, iremos alternando explicacións teóricas con aclaracións concretas ós fragmentos sobre os que vaíamos practicando a tradución: así iremos afirmando o coñecemento sobre a sintaxe grega, abordando os conceptos en repetidas ocasións ó longo do Curso. Queremos indicar que **merece especial atención a sintaxe das formas nominais do verbo (infinitivos e participios, maiormente)**.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación desta área de coñecemento será continua e terá en conta os seguintes aspectos:

- a) a atención prestada e o interese amosado nas mesmas, así como un comportamento axeitado de respecto á materia, ós compañeiros e ó profesor.
- b) a entrega puntual dos exercicios e traballos que se propoñan, tanto a nivel individual como colectivo.
- c) a competencia alcanzada nas seguintes habilidades:
 - lectura correcta de textos gregos.
 - tradución de textos dos autores propostos.
 - coñecemento da época, trazos principais e autores dos xéneros literarios previstos.
 - demostración da lectura e asimilación das lecturas obrigadas.
 - coñecemento da pronuncia do grego moderno e das súas expresións máis usuais.
 - coñecemento dos helenismos vistos no curso.

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA

Para superar esta materia deberán acreditarse as seguintes capacidades mínimas:

- a) Ler con corrección e fluidez textos en grego.
- b) Traducir de forma aceptable e comprensible textos breves dos autores propostos.
- c) Recoñecer as características básicas dos xéneros literarios gregos tratados durante o curso, e os seus autores principais.
- d) Demostrar a lectura e comprensión das obras de lectura obrigada.
- e) Saber pronunciar o grego moderno e coñecer polo menos o 50% das expresións máis usuais vistas durante o curso.
- f) Recoñecer os lexemas do grego clásico que formaron e forman novas palabras nas linguas actuais (tamén o 50% dos vistos no curso).

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a avaliación de cada alumno utilizaranse os seguintes instrumentos:

1. Exames: Agás no caso previsto no apartado *Criterios de cualificación (vid. infra)*, realizaranse 5 probas escritas, co seguinte reparto por trimestre: 1 no primeiro, 2 no segundo, e 2 máis no terceiro. Cualificaranse sobre 10 puntos.
2. Exercicios: Poderá encargarse, con certa periodicidade, a elaboración de exercicios individuais, que deberán ser realizados fóra do horario escolar. Consistirán, basicamente, na cumplimentación por medios telemáticos dos cuestionarios que estarán a disposición dos alumnos no curso *Grego II*, publicado na Aula Virtual do Centro.
3. Observación da actitude na clase: a disposición cara o traballo e a pertinencia das intervencións puntuarase tamén sobre 10 puntos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

As cualificacións outorgaranse segundo estes criterios:

1. A nota de cada trimestre ponderarase de acordo co seguinte reparto valorativo dos instrumentos de avaliación:

- Exames: **70%**

IMPORTANTE: No caso que un estudante sexa sorprendido empregando medios ilícitos durante a realización de calquera exame, o exercicio será cualificado globalmente cun 0.

- Cuestionarios da Aula Virtual: **30%**

IMPORTANTE: Por cada día de retraso na entrega dos exercicios e traballos aplicarase un desconto de 0,2 puntos sobre a súa cualificación.

2. A cualificación final do curso concédese de acordo cos seguintes criterios, dependendo do número de trimestres aprobados ou suspensos:

1. Se o trimestre suspendido é un dos dous primeiros, poderanse considerar superados obtendo un aprobado no trimestre final.

2. Se os trimestres suspendidos son dous ou o trimestre final (aínda que sexa unicamente este), o alumno deberá realizar unha derradeira proba cos contidos relativos ó (s) trimestre(s) non superado(s).

3. A nota final de curso establecerase mediante o sistema de media ponderada: as notas dos dous primeiros trimestres terán un valor do 30% da nota final cada un, mentres á nota do terceiro trimestre se lle atribuirá un valor do 40%.

